

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN DA CENTOLA E DO BOI 2025-2026.

Antecedentes

Tanto a centola (*Maja brachydactyla*) coma o boi (*Cancer pagurus*), son dúas especies de crustáceos decápodos presentes nas costas de Galicia e capturadas maioritariamente pola frota artesanal que traballa con aparellos de enmalle (miños maioritariamente), aínda que é necesario subliñar que cobra unha especial relevancia, no conxunto de descargas efectuadas pola frota artesanal, a especie centola.

Para ambas as dúas especies, parte importante das descargas procede da frota que traballa con miños, mentres que o resto realízase por embarcacións que pescan con trasmallos, nasas e raeiras. Tradicionalmente, o período de veda anual destas especies foi establecido de xeito coincidente no tempo.

A xestión da pesqueira destas especies de crustáceos decápodos debe basearse no ciclo vital de cada unha delas. Son especies migratorias que realizan desprazamentos a zonas máis profundas para aparearse e, posteriormente, regresan a zonas menos profundas para realizar a posta. No caso da centola, os individuos adultos migran cara a zonas máis profundas para aparearse durante os meses de setembro e outubro. Durante os meses de decembro e xaneiro regresan cara á costa. As femias de centola presentan dous períodos de posta ao longo do ano. O primeiro, e máis importante, prodúcese entre os meses de febreiro e xullo, e nel acádanse os valores máximos de femias ovadas (>25%). O segundo período de posta ocorre no mes de setembro, xusto ao inicio do outono. Este período é moito máis curto que o da primavera e, xa para o mes de outubro, a porcentaxe de femias ovadas diminúe ata o 10%.

O ciclo migratorio do boi nas augas galegas é menos coñecido, aínda que moi semellante ao da centola, só que o boi é menos abundante nas nosas costas ademais de ser capturado a maiores profundidades. Esta especie non é obxecto dunha pesqueira específica, senón que constitúe unha especie acompañante capturada con artes que teñen como obxecto a captura doutros crustáceos ou ben no caso de artes multiespecíficas.

Ao longo dos últimos anos demostrouse que a veda da centola, cando inclúe meses nos que o número de femias ovadas é elevado, pode axudar a aumentar a biomasa reprodutora e a regular a pesqueira, sempre e cando se establezan cotas diarias de captura no período posterior á veda, que eviten a concentración das capturas e a consecuente caída dos prezos no inicio da campaña extractiva.

O particular comportamento reprodutivo e as cambiantes condicións ambientais do medio mariño son os responsables das flutuacións anuais na actividade da frota, que concentra a súa actividade durante os meses de novembro e decembro, período de máximos rendementos (70%



do total da centola capturada no conxunto da campaña). A variabilidade interanual na abundancia do recurso fai necesario que a pesqueira da centola en augas galegas sexa abordada mediante un modelo de xestión adaptativa, con plans anuais que deberán basearse na información obtida do desenvolvemento da actividade extractiva dos anos precedentes.

Para a elaboración do novo plan de xestión da centola e do boi recibíronse os informes técnicos oportunos, así como as propostas da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo e da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra.

Fundamentos técnicos e xurídicos

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no artigo 6 que «A política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros os de: 1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos (...)».

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, regula o uso da *nasa para centola* nos artigos 134 a 137, para o *miño* nos artigos 51 a 54, e para a *raeira* nos artigos 55 a 58.

Polo anterior,

RESOLVO:

Autorizar o plan de xestión da centola e do boi baixo os seguintes termos e condicións:

1. Ámbito de aplicación

Augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para todas as embarcacións con artes menores e con porto base nesta Comunidade, así como para aquelas que tendo porto base noutras comunidades autónomas teñan permisos especiais de pesca para faenar en ditas augas.

2. Vixencia do plan

A época de vixencia do presente plan abranguerá **desde o 21 de xuño do 2025 ata a data de inicio da veda do ano 2026**, que se fixará polo correspondente plan de xestión, que se publicará antes da seguinte veda.





3. Períodos de veda

3.1. Período de veda da centola

O período de **veda da centola** para o ano 2025 queda establecido como segue:

- 3.1.1 Zona A, desde a desembocadura do río Miño ata o paralelo que pasa polo cabo Corrubedo:** desde as 00.00 horas do 21 de xuño ata as 00.00 horas do 9 de novembro de 2025, ambos inclusive.
- 3.1.2 Zona B, desde o paralelo que pasa polo cabo Corrubedo ata o meridiano que pasa polo cabo Estaca de Bares:** desde as 00.00 horas do 21 de xuño ata as 00.00 horas do 9 de novembro de 2025, ambos inclusive.
- 3.1.3 Zona C, desde o meridiano que pasa polo cabo Estaca de Bares ata o río Eo:** desde as 00.00 horas do 01 de xullo ata as 00.00 horas do 30 de novembro de 2025, ambos inclusive.

3.2. Período de veda do boi

O período de **veda do boi** para o ano 2025 queda establecido como segue:

- 3.2.1 Zona A, desde a desembocadura do río Miño ata o paralelo que pasa polo cabo Corrubedo:** desde as 00.00 horas do 27 de setembro ata as 00.00 horas do 9 de novembro de 2025, ambos inclusive.
- 3.2.2 Zona B, desde o paralelo que pasa polo cabo Corrubedo ata o meridiano que pasa polo cabo Estaca de Bares:** desde as 00.00 horas do 27 de setembro ata as 00.00 horas do 9 de novembro de 2025, ambos inclusive.
- 3.2.3 Zona C, desde o meridiano que pasa polo cabo Estaca de Bares ata o río Eo:** desde as 00.00 horas do 27 de setembro ata as 00.00 horas do 2 de novembro de 2025, ambos inclusive.

Deberase ter sempre en conta os horarios autorizados para cada unha das artes a empregar, segundo se recolle no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

As capturas desembarcadas poderán ser comercializadas o mesmo día do peche naquelas lonxas nas que tradicionalmente se viñesen realizando vendas de centola e boi os sábados.



Polo tanto, nestes períodos queda expresamente **prohibida** a captura da **centola e do boi**, por medio de calquera arte, en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. As embarcacións dedicadas a captura de centola e boi con nasas deberán retirar estas do seu calado e levalas a porto.

4. Especies

As especies de captura obxecto deste plan serán a **centola** (*Maja brachydactyla*) e o **boi** (*Cancer pagurus*). As demais especies acompañantes terán que cumprir cos tamaños mínimos esixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

5. Artes de pesca

Terase en conta o regulado no artigo 54 do citado Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, que establece a utilización da arte do **miño** durante todo o ano, salvo no período de veda dalgunha especie ou zona. Non se poderá pescar, en ningún caso, por dentro das liñas de referencia sinaladas no anexo II, salvo no período de veda da centola e boi, que **deberá empregarse por fóra das liñas de referencia do anexo I.**

Así mesmo, e en relación ao uso da arte da **raeira**, o artigo 58 apartado 3 establece que, na época de veda da centola e do boi, **non se poderá pescar con raeira por dentro das liñas de referencia do anexo I.**

As características e o número máximo de nasas permitido para a captura de centola veñen establecidas nos artigos 134 e 135 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro.

Con carácter experimental, o horario de traballo establecido no artigo 136 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, para a nasa da centola será o que establece o artigo 53 do dito decreto para os miños.

6. Cotas máximas diarias de captura e desembarco

Como normal xeral, a cota máxima da centola será de 35 kg por barco e día, ao cal se lle engadirán 35 kg/día por cada tripulante enrolado e a bordo.

Cando unha especie obxecto de captura para unha arte ou aparello de pesca, teña asignadas cotas máximas de captura e desembarco no marco dun plan de xestión, ditas cotas ou topes serán de idéntica aplicación para a mesma especie cando sexa capturada como acompañante ou accesoria por outras artes, aparellos ou técnicas de pesca, debendo asemade cumprir cos tamaños mínimos esixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Excepcionalmente, as entidades organizativas do sector, coa exclusiva e única finalidade de dispor de centola para a promoción da mellora da comercialización, poderán solicitar á Dirección Xeral



de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica unha autorización para dispor dunha cantidade suficiente de centola con destino ao acto ou actos de promoción que redunden nunha mellora da comercialización desta especie. As cantidades solicitadas por estas entidades e concedidas mediante a dita autorización, serán a maiores das indicadas no parágrafo primeiro deste punto 6. Neste sentido, as embarcacións autorizadas no marco deste Plan de xestión poderán doar á entidade solicitante as cantidades que se indiquen na dita autorización, sempre e cando non estean en veda. Non obstante, e co fin de levar un control das cantidades desembarcadas con destino á promoción desta especie, as embarcacións admitidas deberán cumprir coas operacións da pesada e elaboración das notas de venda na lonxa correspondente.

A entidade solicitante deberá indicar na solicitude de autorización, a descrición do acto para a promoción da centola, os días obxecto de captura adicional necesaria para a celebración do dito acto, as embarcacións suxeitas ás operacións de desembarco das cantidades adicionais, as cantidades que se asignarán por barco e día, o método de conservación e mantemento en vivo da especie ata o día do acto de promoción, e as medidas de control e trazabilidade que se adoptarán desde o momento do desembarco ata o momento da celebración do dito acto.

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, unha vez analizada a solicitude da entidade solicitante e logo de consultado a evolución sobre o estado do recurso, poderá autorizar á dita entidade a dispor dunha cantidade determinada de centola coa única finalidade de promoción desta especie, baixo os requisitos de cumprimento que se establezan na dita autorización.

7. Puntos de control e venda

Zonas de pesca, lonxas e puntos de venda autorizados.

8. Mostraxes

Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións participantes, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

9. Extracción e comercialización

O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

10. Infraccións e sancións



O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

11. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A conselleira do Mar

P.D. Orde do 21-02-2022 (DOG n.º 41, 01-03-2022)

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Cándido Rial Rodríguez

